



Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Vaillant, SLU sobre formación nas últimas tecnoloxías referidas ás ensinanzas de formación profesional

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou o dezaseis de decembro de dous mil dezaseis coa empresa Vaillant, SLU o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Vaillant, SLU para o desenvolvemento dun conxunto de iniciativas no ámbito das ensinanzas de formación profesional. Entre elas:

- Establecemento dun programa de formación en centros de traballo, para alumnos que cursen formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nos centros de traballo de Vaillant, SLU.
- Obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade por parte dos/as traballadores/as de Vaillant, SLU dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional que desenvolve a consellería.
- Impulso da formación profesional dual e doutras formacións en alternancia do sistema educativo a través da divulgación e implantación da formación profesional dual e dos ciclos de formación profesional básica entre a rede de Servizos de Asistencia Técnica que ten a empresa na nosa Comunidade Autónoma.
- Posta en marcha da 1ª Aula Vaillant nun centro de Formación Profesional de Galicia, concretamente no IES Universidade Laboral de Culleredo, que se destinará á realización de actividades formativas no ámbito da formación profesional. Así como tamén, a cesión,





para a Aula e sen custe, de equipos e material para conseguir mediante o seu estudo un profundo coñecemento da súa tecnoloxía.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1º Na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica a redacción do apartado 2 do artigo 39 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e determina no punto 32 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación para o emprego, así como o aprendizaxe ao longo da vida. Igualmente, modifícase a redacción do apartado 2 do artigo 42, que contempla que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos quen acredite unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados. As Administracións Educativas regularán esta fase e a mencionada exención.

2º Na Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, e no seu marco orientaranse as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación de traballadores.

3º No Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas.





4º Que Vaillant é unha marca internacional líder no campo da tecnoloxía aplicada ao negocio da calefacción e a ventilación. Vaillant ofrece aos seus clientes de todo o mundo sistemas de calefacción e ventilación respectuosos co medio ambiente baseados en enerxías renovables que axudan a xerar un aforro enerxético. Vaillant España é una filial de Vaillant Group, fundada en 1874, e está presente no mercado español desde a década dos 80.

5º Que as partes asinantes están dispostas a colaborar nas diferentes actuacións, previstas neste convenio, co obxectivo principal de adecuar a formación ás necesidades do sector industrial, promover a inserción laboral do alumnado e impulsar a formación profesional que se imparte en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

